

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 6427** *Corrección de erros do Real decreto 249/2010, do 5 de marzo, polo que se adaptan determinadas disposicións en materia de enerxía e minas ao disposto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.*

Advertidos erros no Real decreto 249/2010, do 5 de marzo, polo que se adaptan determinadas disposicións en materia de enerxía e minas ao disposto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 67, do 18 de marzo de 2010, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 12, no número vinte e tres, primeira liña do parágrafo situado detrás do cadro, onde di: «co obxecto de comunicar o inicio solicitar a súa habilitación para a actividade profesional...», debe dicir: «co obxecto de comunicar o inicio da actividade profesional...».

Na páxina 13, no número vinte e catro, primeira liña do parágrafo situado detrás do cadro, onde di: «co obxecto de comunicar o inicio solicitar a súa habilitación para a actividade profesional...», debe dicir: «co obxecto de comunicar o inicio da actividade profesional...».